

A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS IRMANDADES DA FALA

ANO XV

A Cruña, 1.º Novembro 1931

Núm. 289

AO DECORREL-OS DIAS

N'outro lugar d'iste número publicamos o Estatuto definitivo feito pol-os palramentarios galegos que será o que se someta á aprobación municipal e popular.

Por boca de Otero Pedrayo quedou declarado na asamblea realizada o 25 na Cruña que os nacionalistas aportamos o noso apoio entusiasta e decidido a este Estatuto mais que éste non é para nós máis que unha aspiración completamente mínima. Pouco é este Estatuto en relación co'as nosas aspiracións, co postulado do noso programa e co'a solución verdadeira do problema de Galicia.

Transiximos de momento para sumar a maior cantidade de colaboración en procura de que sexa logo unha realidade a autonomía que o Estatuto preconiza.

Sentímonos optimistas e confiamos que o prebiscito será favorable. Cando isto esteña feito os nacionalistas continuaremos con máis ardor aínda que antes a nosa actuación. A imprantación d'esta mínima autonomía daranos máis facilidade e liberdade de movemento.

E demostraremos de maneira contundente como nós sós abondámonos para exercer en Galicia unha dirección espiritual que xa vimos exercendo pero que sin dúbida ningunha despois deixarase sentir máis e millor. Os seus resultados serán de innegable beneficio para a nosa terra.

Pol-o pronto con este Estatuto imos conquistar poñer en marcha a capacidade galega a se gobernar por si mesma en moitos e interesantes aspectos. Imos ver desaparecida a división provincial de Galicia e a unión da nosa terra n'un goberno e n'un parlamento popular e propio. Son os comezos, a base onde hase construír a Galicia do porvir que nós arelamos.

Aínda non podendo sentirnos tan ledos como quixéramos, pois eso non será posible mentras non teñamos acadado a liberdade total que cobizamos, mais non por eso podemos deixar de expresar a nosa satisfacción pol-o que no asunto da autonomía levamos adiantado. Cando o prebiscito esteña feito nós que confiamos en que será favorable, a pesar de todol-os obstáculos bastardos que se queren opoñer, sentiremos agrandada aquela satisfacción.

E despois a traballar con verdadeira intensidade n'unha actuación única e totalmente nacionalista. Pouco tempo falla xa para saír de dúbidas e rematar co'as confusións e colaboracións que as circunstancias impoñen para o millor conseguimento das nosas aspiracións mínimas nas que é precisa a colaboración de todos.

Imos con optimismo a ganar o prebiscito e a poñer a Galicia no vello da súa liberdade. E ao mesmo tempo pensemos en organizar e preparar as nosas forzas para a actuación que virá detrás que ten de ser para nós seguramente máis dura do que o que foi até agora.

NO DITOSO OUTONO

No ditoso outono — xa os membrillos douran a noite azul do pomar e un vagar de neboeirras cingue as fronteiras cavilosas das serras—vai a nosa Galiza a coller con outo espírito e forte vontade unha miga d'autonomía. Pouca, a precisa somen-

tes para ensinar aínda ós máis incomprensivos, como éla sábase gobernar e soerguer. Haría outros camiños. Reservaos pra cando sexa preciso. Ela, sempre curtés e acollendose ó marxe da Lei fundamental, inicia unha xeira—nova, esbran-

zada, xubilosa—do seu desenvolvemento hestórico.

Pol-o d'oxe os nacionalistas galegos temos o deber de falar d'iste xeito sin dubidar encol do voto das Cortes. O noso pequeno Estatuto terá vida legal. No seu amparo e canle as ener-

xias galegas deseguida tomarán novo pular e mais outa exemplaridade moitas direccións encamiñadas a cumprir o ideal da grande Galiza. Si non fora d'iste xeito, si o Estatuto non fora aprobado? Pol'o pronto arredemos ista pregunta. Mais sin esquencer a posibilidade noxenta.

E tamén os nazionalistas galegos temos que dicir como o noso esforzo considera rematada ninhunha das suas empresas. Sedamente, con mais fé e millor método que dinantes, traballaremos toda a viva materia da Galicia deica darlle a forma suprema soñada, gardada e merecida. Pechar calquera posibilidade sería crime de priguiza e de indifrenza. A ne-

va conquista servirá de ánimo i-exempro, pra compreta reconquista da Galiza por ela mesma. Agora sin folgo, con urxente e xornaleira dedicación.

Isto pénsase na Terra en todol'es frentes na verdade, un soilo—do galeguismo. Isto é doce e ledó o escribilo, eiqui, en Madri, esquencidos dos malos galegos, dos homes de pouca fé das concenzas vendidas, de toda a masa de treidores, dos espíritos fofos e cursis, da triste grei de servos, pr'os que a Galiza—o fin de confas, garimosa Nai—ainda terá unha rayola de perdón.

R. OTERO PEDRAYO

seu corazón no verbo dos nosos grandes poetas, que coñecen os modernos probremas dos pobos, que saben que o home non é dino namentras non sea dono do seu por herdo da mesoloxía e dos seus nobres antergos, virá, en gloriosa mesnada, a por-se baixo a bandeira azul e branca, que será sempre bandeira de liberdade, d'amor e de comprensión para todol-os homes.

Os momentos en que Galicia vai vivir son d'interés supremo. Quen o non entenda así, será un suicida, e merecerá o desprecio das xentes venadeiras.

A liberdade non é compreta senon reconece o dereito de todol-os individuos e agrupacións humanas.

M. LUGRIS FREIRE

21-10-1931.

O momento de Galicia

Xa temos a república de traballadores de todol-os xeitos, según a define a nova constitución que agora se discute no Congreso; o que non temos é a república federal que todol-os partidos republicanos ofrecían na oposición. Esta circunstancia foi furtada para transixir co'a opinión centralizadora, que aínda ten, e coído que seguirá tendo, moitos partidarios entre os que negan a realidade da xeografía, da historia e das necesidades económicas das nacionalidades hispánicas.

Para Cataluña, conceden unha autonomía, d'abondo para que poidan desenrolar, polo d'agora, a sua vida económica e política. Teño pra min que lograron, non porque teñan mais razón e dereito que nós, senon porque d'ese xeito querren evitar os conflitos que o catalanismo xurdio, intelixente e preparado poidera causar na vida xeneral da República.

Agora chega o turno para Galicia. A esmola da liberdade que logremos non debemos rechazala. Ela debe ser o alicer-

ceda nosa reivindicación, pol-a que traballaremos sin acougo hasta lograrmos todo aquilo a que temos dereito e que tan fortemente vive no corazón dos bos galegos.

Hai que facer axiña unha organización *nacionista*, en que queipan todol-os espíritos intelixentes, encamiñada por vieiros de comprensión moderna, de fraternidade hispánica, de aloumiñamento para os nosos irmás d'alende o Miño, de tal xeito que primeiramente atendamos aos intereses particulares de Galicia sin esquecer os altos destinos a que pol-a lingua e pol-a historia estamos chamados.

Son moitos os atrancos que atoparemos no camiño, e os mais grandes e doerosos serán os que han de opornos moitos ñorantes galegos, que non parecen nados na nosa terra e que teñen un espírito dos *malagotias* de que nos fala Oliveira Martins. Mais a nosa mocidade, cada vez máis numerosa e máis galleguista, a saída do «Seminario d'estudos galegos» de Santiago, a que acende o

Do momento

Fai xa máis de tres meses que veño falando da necesidade de orgaizar debidamente as forzas nacionalistas. O troque de impresións tido o día da asamblea cos moitos nacionalistas que de toda Galicia viñeron á Cruña revélame que sin necesidade de nos poñer d'acordo o pensamento de todos coincide en apreciar igualmente o momento actual.

Pois ben. Hai que començar axiña para que tan logo como o prebiscito esteña realizado saia á vida pública de Galicia con un verdadeiro programa, unha férrea disciplina e unha dirección compreta o partido nacionalista galego. Compria ir pensando en preparar as bases da organización para convocar unha asamblea o maix asiña posibel.

Necesitase un crisol de pureza para que no partido non poidan figorar mais que nacionalistas purós, integros, sin o menor contaito con outras or-

ganizaci3ns politicas. Preferibel ser3 que sexamos menos pero seguros e b3ns. Porque a atuacion que imos ter que facer non pode estar mediatizada por ning3n prexucio alleo ao nacionalismo.

Pol-o de pronto eu rogo aos nacionalistas que non se afilien a ning3n partido politico hespa3ol por moi autonomista que sexa ou pareza. A Galicia exclusivamente compre adicarlle toda a nosa preocupaci3n e traballo.

Imos rematar logo co'a ansiedade en que estamos mergullados ante o resultado do prebiscito. Eu sintome outimista, mais de todas maneiras sexa famabel ou adverso n3s temos que sair 3 palestra con unha gran forza combativa.

A pensar n'esto e a darlle forma. E sobre todo pureza, direici3n e disciplina.

VICTOR CASAS.

Estatuto Gallego

Ponencia presentada por la Comisi3n parlamentaria elegida por los Diputados de las cuatro provincias gallegas.

TITULO PRIMERO

Preliminar

Art3culo 1.º GALICIA es una regi3n aut3noma de la REPUBLICA ESPAÑOLA.

Art. 2.º El territorio de Galicia es el que actualmente comprenden las provincias de Coru3a, Lugo, Orense y Pontevedra.

Art. 3.º Pueden anexionarse a Galicia cualquier territorio espa3ol *colindante*, que geogr3fica, 3tnica o hist3ricamente formeo haya formado parte de ella, previos los tr3mites que la legislaci3n general se3ale.

Art. 4.º Ser3n lenguas oficiales en GALICIA el castellano y el gallego. Los funcionarios que act3en en la Regi3n deber3n conocer el idioma gallego. Salvo las excepciones que la ley determine.

Art. 5.º Se consideraran gallegos, a los efectos de este Estatuto, los que por origen lo sean y cuantos tengan vecindad en Galicia.

Art. 6.º El poder de Galicia, como regi3n aut3noma, emana del pueblo.

Art. 7.º La regi3n gallega velar3 por la plena efectividad de los derechos civiles, p3blicos y pol3ticos declarados en la constituci3n de la Rep3blica Espa3ola.

Art. 8.º La mujer gallega tendr3 los mismos derechos que el hombre en las funciones privativas de la regi3n.

TITULO SEGUNDO

De las atribuciones de la regi3n

Art. 9.º Corresponde a la regi3n gallega la legislaci3n y la ejecuci3n en las materias siguientes:

a) R3gimen municipal y divisi3n territorial sin mengua de la autonom3a de los Municipios y del reconocimiento de la personalidad de la Parroquia en la administraci3n rural.

b) Organizaci3n de la Jurisdicci3n contencioso-administrativa, exclusivamente en materias relacionadas con el r3gimen local y regional.

c) R3gimen de montes, agrario y pecuario, sin perjuicio de las bases m3nimas que el Estado dicte para la defensa de la riqueza y coordinaci3n de la Econom3a Nacional.

d) Aprovechamientos hidr3ulicos y el3ctricos, cuando las aguas discurren dentro de la regi3n 3 el transporte de energ3a el3ctrica no salga de su territorio.

e) Empr3stitos regionales y locales.

f) Defensa del patrimonio artistico y cultural de la regi3n, como complemento de la acci3n del Estado espa3ol.

g) Turismo, tambien como complemento de la acci3n del Estado.

h) Justicia municipal.

i) Cooperativas, Sindicatos de producci3n y consumo nacional, pre-

visi3n y ahorro en coordinaci3n con las Instituciones del Estado.

j) Asistencia p3blica e inspecci3n y Protectorado de la Beneficencia privada.

k) Legislaci3n civil en lo referente a las modalidades regionales.

l) Y en general todas las facultades atribuidas hasta hoy a las Diputaciones provinciales, que no figuren entre las enumeradas.

Art. 10. Corresponde a la Regi3n Gallega la ejecuci3n en las materias siguientes.

a) Recaudaci3n de tributos y monopolios de la Rep3blica con las garant3as y condiciones que la Hacienda P3blica establezca.

b) Miner3a, Aguas, Caza y Pesca.

c) Derechos de expropiaci3n para las necesidades regionales.

Art. 11. La Regi3n gallega podr3 crear y sostener Instituciones de Cultura y Centros de Ense3anza en todos sus grados y 3rdenes paralelamente con las Instituciones docentes del Estado. En las Escuelas primarias ser3 obligatoria la ense3anza de las dos lenguas castellana y gallega.

Art. 12. La Regi3n Gallega podr3 organizar y sostener la Polic3a necesaria para el cumplimiento de los fines que le sean atribuidos.

TITULO TERCERO

Organizaci3n del Poder Regional

Art. 13. Las facultades atribuidas a la Regi3n Gallega ser3n ejercidas en cuanto a la legislaci3n por una Asamblea de Diputados regionales, y en cuanto a la ejecuci3n por un Consejo de seis individuos y el Presidente.

Art. 14. La Asamblea de Diputados regionales ser3 elegida por sufragio universal, igual, directo y secreto, renov3ndose cada cuatro a3os en su totalidad. Se reunir3 autom3ticamente el 1.º de Octubre y el 1.º de Abril, o cuando lo pida el 20 por 10 de los Diputados. El Consejo podr3 convocar reuniones extraordinarias. En ning3n caso se disolver3 la asamblea antes de que expire su mandato.

Art. 15. La Asamblea regional eligir3 al Presidente del Consejo Regional, cuyo mandato durar3 cuatro a3os sin que pueda ser reeligido hasta transcurridos otros cuatro.

La Asamblea podr3 separar al Presidente del Consejo Regional por acuerdo de los dos tercios de los Diputados que la formen.

Art. 16. El Presidente ostentar3 la representaci3n del poder de la Regi3n Gallega; nombrar3 y separar3 libremente a los Consejeros. Continuar3 en sus funciones hasta que las transmita a quien deba sustituirlo.

Art. 17. La Asamblea Regional legislara sobre la organizacion de los poderes legislativo y ejecutivo del Estatuto Regional, conforme a las normas generales de la Constitucion del Estado.

DISPOSICIONES TRANSITORIAS

Primera. Como recursos economicos, la Region Gallega tendra los que la Constitucion acuerde para los Estatutos Regionales.

Segunda. Los actuales parlamentarios gallegos formaran la Asamblea provisional que vigilara el cumplimiento de las disposiciones transitorias y convocara y entendera en las primeras elecciones de Diputados de la Asamblea Regional gallega.

ARTICULO ADICIONAL

La Asamblea provisional, consti-

tuida por los actuales Diputados, se reunira en La Coruña. Las primeras sesiones de la Asamblea definitiva, seran tambien en La Coruña, y esta Asamblea designara la Capitalidad de la Region.

Este es el Estatuto que os parlamentarios galegos tendo en conta a base do aprobado na asamblea do 4 de Xuño e as facultades que a Constitucion hespanola otorga as rexions someteron a asamblea feita o 25 de Outono.

Conquerida a aquiescencia da maior parte dos deputados galegos das diversas tendencias, e o seu compromiso de propagalo e de defendelo, axina sera sometido a aprobacion popular para presentalo despois no Parlamento hespanol ate conquistar o plenario en realidade.

Os complexos raciales en crisis

Un pobo, é unha creacion sintetica, escribe o sociologo norteamericano Lester F. Ward. "As unidades raciales, discurren pol-os cauces historicos, afinadas por forzas cegas e fatalistas. As convulsions politicas e sociais, adoitando despertar de sonos, quizais seculares, esquivados dinamismos e vellos degarros de raza.

No solar ibérico, alborean os ideales historicos, tantos anos aletargados co narcotico imperialista. A biología dos pobos, seguindo a ruta evolucionista, no senso que a toma Spencer, imprime neles as forzas intrinsecas precisas para que cumplan o seu fin social. Forzas que poden ser de atraccion ou repulsion, segun o momento historico.

As unidades raciales da península, estremécense agora,

impulsadas por un irresistible dinamismo centrífugo, que fai ferver as caldeiras do seu entusiasmo bélico. A vella Castela, cargada de lembranzas e trofeos dá berros traxicos, o sentirse sin forzas para conter o caballo desbocado do nacionalismo. O proceso politico-social de descomposicion dos complexos raciales, xa tivo lugar no centro-europa, a raíz da Gran Guerra. Pero Hespania, arrinconada en Occidente e apreixada pol-as antergas conceiciones, seguiu deica agora no marasmo do seu tradicionalismo. Mais d-aquí para diante, non podera xa, pechar os ollos nin tapar os ouvidos, porque as forzas cegas do fatalismo historico, cumpriran a sua lei biológica.

MAGARIÑOS NEGREIRA

CANTO A PORTUGAL

Quinas e castelos,
esfera armilar,
roxa cruz de Cristo...
¡Iso é Portugal!

As quinas son chagas
do Noso Señor,
símbolo de cruzeiras,
embremas de door.

Os sete castelos
qu'han representar
senon as conquistas
do gran Lusitán?

Cen loitas sangrentas
do Norte hastra o Sur,
do Leste hastra Oeste,
con espada e Cruz.

Sacrificios cruentos
pol-a Libertad,
pol-a Independenza...
¡Libre Portugal!

A esfera, epopeyas
do mundo o redor.
Camiño das Indias.
O Adamasdor.

E Vasco da Gama.
Frey Vello e Cabral.
O Rey Navegante.
Camões. Magallans.

Son as descubertas
que naide igualou.
Cabo Verde, Azores,
Madeira e Timor.

E surcalos mares
por todo confin.
E fundar colonias.
Domeñar Brasil.

E fendel-os aires
por riba do mar.
Son Gago Coutinho
e mail-o Cabral.

A cruz, xa está dito,
pois foi pol-a cruz
qu'os Luziadas foron
do Norte hastra o Sur,

d'Ourense á Occidente,
dende Portugal
hastra o mar das Indias,
d'Angola á Macau.

Quinas e castelos,
esfera armilar,
roxa cruz de Cristo ..
¡Iso é Portugal!

Avelino Rodríguez Elías.

VERBAS Ó POBO

O NEMIGO

Dixo Valentín Almirall do centralismo, que non respeta os feitos, mais que cando se non sinte forte d-abondo prós esnaquizar. As verbas do chorado apóstolocalanista, chegaron a ter agora, a-o cabo de moitos anos prena confirmación histórica.

O centralismo semella consubstancial con España; c-unha España que coidábase definitivamente asulagada na pleamar cívica do 14 de abril; prò que sigue aboiano, a despeito de ventos federalistas e tempestades palramentarias.

Cando todos o supoñían ferido de morte, o centralismo acaba de se defender arriscadamente na Asambreia Constituinte. Cedéu somentes diante d-un feito que maxina mais forte que él: Cataluña. Mantense disposto a soster longa retexía, avarentos regateos, car-a demanda autonomista das rexións que sospeita menos compactas ou mais doadas a resinaición: Vasconia, Galicia, Valencia...

En canto as outras... nin falar, pois a-o centralismo sobranlle burocracia e guarda civil pr-as someter.

En verdade se olla, que a razón de ser do centralismo español, non é outra que o dereito tradicional e bárbaro do que mais pode. Así hubemos de calificar-o coma un xeito de imperialismo interior; cego poder caído de sempre no abuso da sua propia forza, que non reconece, alleo a ela, senon aquilo que non se sinte capaz de domear.

Tal é o imponente nemigo.

Galicia terá de o vencer, porque non é dos que se deixan convencer; porque non está afeito a ser xeneroso sen loita.

Non agardemos a autonomía coma un don maduro, que poida dependurarse espontáneo do albre secular do Estado, refrorecido agora

baixo a rapública. Somos nós os que temos de abalar o firme tronco, e facer que acalumiñado pol-a quentura do ideyal, o froito se pinte dos roibens da sazón.

Compremos aguzar e disciplinar a vountade de ser. e opoñer a negación centralista, degradante y-emprobecedora, a vertical e fecunda afirmación da persoalidade galega. Vountade de vivir o noso destino hestórico, mais non coma unha pasaxeira emoción lírica, senon con permanente edicación intregal. Recibindo alentos da fé no propio valimento, dá confianza no proveitoso render dos nosos esforzos libres.

A total-as capas do pobo, hoxe aínda receosaseinsolidarias, ten que chegar a nosa acción. É preciso vivificar-las coa seiva nova, avencellal-as n-un comun afán de criación, pra que a autonomía determiñe un reaxuste xeneral das actividades galegas, precursor d-un prouximo e tanxible estado de milloranza.

Non esquezamos que encol do espírito do pobo, pesa o triste herdo moral das desilusións. Cantas veces puxo a súa sinsela fé dos homes ou nas doutrinas, cuase tantas sentiuna esmorecer na friaxe dos desenganos.

Temos que superar o seu pesimismo xordo, tratando de incorporalo en espírito y-en corpo a obra gloriosa de lle dar a patria unha existencia nova. Temos que mobilizar as suas falanxes rudas e nobres, a-o servicio do uneco ideyal que interpreta sen ficción o seu xenio e lle sinala o destino vital que no mundo tiña reservado.

D-este xeito, en cumunión xeneral de ccncencias afinadas n-unha mesma fé, viviremos espiritualmente a autonomía, sen agardar a tel-a materialmente. Y-entón frente a no-

sa demanda, apremiada pol-a vountade expresa de todo o pobo galego o centralismo non resistirá. Perderáse pra el unha morta parcela administrativa, y-en troque, un país redivivo e dono de sí ganárase pr-á verdadeira España.

Vigo, outono, 1931.

V. PAZ-ANDRADE.

Duas datas

14 de Novembro do 1916 e 18 de Novembro de 1918. Estas datas sinalan a primeira a saída do número primeiro de «A NOSA TERRA» e a segunda a celebración en Lugo da Asambreia nacionalista onde fincaron feitos as táboras da ley da nosa ideoloxía.

Quince anos de loita sin interrupcións pol-o erguemento cultural, político e galeguista do noso pobo. «A NOSA TERRA» constituíe un exemplo de constancia que non tivo precedentes nin imitación en Galicia en canto se refire ao galeguismo.

A coleición do noso boletín sinala o vieiro percorrido ate chegamos a hoxe en que o galeguismo ten acaradado unha maioría de idade e un respeito e acatamento que o fán indestructibel.

Hoxe voltamos a ollada atrais para contrastar a diferenza de Galicia de fai quince anos e a Galicia actual e non podemos menos de manifestar o noso entusiasmo, a nosa ledicia porque o tempo non pasou en valuto

A nosa cultura, o noso nivel político e o sentimento galeguista teñen chegado xá a un estado de franco adianto cuio proceso correspondenos na maior parte. Quince anos de traballo intenso loitando contra todo e contra todos para ao cabo d'ese tempo podermos ollar as nosas ideas de redención e liberdade afinadas no pobo galego que xá camiña dereito anque lentamente deica o trunfo total das súas aspiracións que son as súas necesidades.

Ao remate de trece anos que fai que o programa nacionalista foi trazado en Lugo temos que hoxe estamos en visperas de termos conquistada a autonomía de Galicia que aínda non sendo o remate total do noso anseio non cabe dúbida que representa un triunfo rotundo do noso idearium. Nas bases do noso programa asentarase na maior parte o edificio da Galicia autónoma. Conquistada a autonomía máis facilmente poderemos ollar en pouco tempo completamente triunfante a integridade do noso programa.

Lembrando hoxe istas datas sentimos choutar de ledicia o noso corazón que nos fala do deber cumprido e anunciamos con verdadeiro optimismo días de verdadeira felicidade para Galicia e novos loureiros para o ideal nacionalista no seu significado integral.

FOLLAS NOVAS

FERIAS NO CAMPO: Mario Gonzalves.

Con atenta adicatoria do autor recibimos un exemplar do libro "Ferias no campo," da Biblioteca dos Pequeninos, orixinal do culto escritor portugués Mario Gonzalves Viana.

Un libro de contos e narracións moi propios para os nenos, escrito en unha lingoaxe axeitada para a intelixencia e comprensión das crianzas. A literatura portuguesa atópase inzada de bibliotecas d'este xeito que demostran a preocupación de Portugal e dos literatos da nación irmá pol'a cultura dos nenos.

En Galicia compre que imitemos este exemplo e sería conveniente ir pensando n'elo para cando a autonomía estefia conquistada.

O libro de Mario Gonzalves, a quen agradecemos fondamente o seu envío poderáinos servir de patrón.

Na Mariña

En tod'o golfo d'a Masma
Xa nor se olla unha vela;
O mare, brua n-a barra;
Doente, azouta n-as penas.

Eli veñen, eli veñen
As lanchas d'os mariñeiros;
¡Probiñas, canto loitaron
Pra defenderse do tempo!

Estou n-a veira do mar
Vendo buligal-as olas;
As olas, miñas amigas,
Que me alentan e consolan.

O trapallón do Nordés
Vai azoutando n-as lanchas;
N-as lanchas que van á pesca
Esta noite descurada.

Volvede logo, rapaces,
Volvede logo do mare,
Que a noite non é d'as boas,
Que a noite da que pensare;

Volvede logo, rapaces,
Mariñeiros de Burela,
Que lostrepa de cotío
E pode vil-a gallerna.

¡Cómo brua a travesía
En tod'o golfo d'a Masma
Hastra lombriga!-o día!

Hastra lombriga!-o día
A centos ferveren as olas
I-estoupan con refusia

Eduardo Lence-Santar e Guitián.

Mondoñedo.

O CABALEIRO OURIZO

O ourizo, señor feudal
do pazo dos castiñeiros,
inda que llo dea a cara
non é de forza e coitelo.
Fillo d'unha loura dona
e d'un baril cabaleiro
armado de verdes armas,
ao nascer foi mol e tenro
(qu'a sua nai, todo bondade,
que morreu en arrecendo
de santa, deixoulle ao fillo
a sua bondade en herdo);
dispois a loita da vida
veu a darlle duro aspecto,
mais, inda qu'o seu carácter
figure ser áspro e fero,
anda a gardar un tesouro
de nobreza aló no peito.
Do santo no señorío,
non hai rendas nin laudemios,
nin dereito de pernada,
nin outra crás de dereitos;
no señorío do souto,
ande o ourizo ten os servos,
todo é paz e libertade,
lediza e contentamento.
Inda que rendas non cobre,
no outono de ouro vai cheo
o seu verdecente pazo,
o ourizo, bon cabaleiro,
e cando olla tal tesouro,
o ourizo que xa vai vello,
sorri, e ao sorrir amostra
a nobreza do seu peito,
pois espalla ouro e bondades
antre os seus ditosos servos.

Florencio M. Delgado Gurriarán

Córgomo, Outono do 1931.

A Irmandade da Cruña

Reunida en xunta xeneral o 4 de Novembro adoutou o seguinte acordo:

«De acordo co'a nota publicada polo Partido galeguista de Pontevedra, a Irmandade da Fala da Cruña que agrupa no seu seo aos nacionalistas cruñeses fai público que non se solidariza co Manifesto de afirmación católica que recentemente publicaron algúns afiliados do nacionalismo galego, por canto este é alleo a toda confesionalidade»

Tamén nomeou novo Consello directivo que forman os seguintes irmáns:

Conselleiro: Victor Casas.

Vice: Bernardino Varela.

Segretario: Salvador Mosteiro.

Vice: Benito Rodríguez.

Tesoureiro: Francisco Abelaira.

Contador: Benito Ferreiro.

Vocales: Manuel Lúgrís Freire, Arcadio Carballo, Federico Rodríguez Chás, Manuel Lemus e Javier Pardo.

Direitor de «A NOSA TERRA» Victor Casas.

Aeministrador: Benito Ferreiro.

O galeguismo en Barcelona

No «Centro Cultural Galego» da capital catalana pronunciou a fins da derradeiro mes unha conferencia Luis Peña Novo.

Encol do tema «Galicia ante o problema da súa autonomía» o culto propagandista dixo cousas de fonda importancia presentando tal como é o sentimento autonómico de Galicia.

Falou en Galego e tamén na nosa fala foi presentado polo presidente do Centro señor Suárez Delgado.

Temos á vista diversos xornaes barceloneses que adican gran atención á conferencia de Peña Novo.

Según nos comunica o irmán Antón Rodríguez Tenreiro, fervente nacionalista e membro do «Centro Cultural Gallego» esta entidade vai a publicar logo unha revista titulada «Abrente».

Folgamos moito esta nova e agardamos sexa axiña unha realidade.

F A I S C A S

Estanse destapando os intreses creados do vello rexime e tamén do novo, dos que aspiran a exercer caciquismo en Galicia, contra a nosa autonomía. Saben eles que o rexime autonómico destruíra definitivamente os ba nartes do vello caciquismo e impedirá a creación d'un novo baixo o rexime republicano.

Son estas as únicas razóns que xustifican, si poden xustificarse, a campaña que certa prensa, certos partidos e certas persoas veñen facendo contra a autonomía e contra o nacionalismo.

Sería ridículo supoñer que a autonomía podíase conquistar sin unha loita crudenta contra estos oustáculos que necesariamente habíanse de opoñer ao colquerimento da autonomía.

Ainda mais que contra o Poder Central, contra o goberno de Madrid, teremos que loitar contra o nemigo que temos na casa que resulta máis perigoso.

Os partidos que en Galicia exercían o poder caciquil atopanse desorientados e agardan a que a política hespañola normalícese para acomodarse á que millor lles conveña. Algunhas persoas non tiveron a paciencia de agardar e andan xa misturados entre os partidos republicanos e o socialismo.

Andan á espeitativa agardando o momento de poder continuar mangonear ou comenar a mangonear e par eso oustaculizan o conqurimento da autonomía porque saben que con ela non lles sería tan fácil conquistar os seus bastardos propósitos. Quereu que agora as cousas continúen pouco máis ou menos como antes. Todo o máis que toleran e o troque de persoas. Tirar os outros para se poñer eles.

Contra estas dificultades teremos que loitar e a loita será tremenda. E non sería difícil que n'esta loita venceran eles. Mais nós teremos que continuar rexamente o noso camiño até vencer por constancia cantas dificultades vellas e novas opñanse a que Galicia conquira a súa liberdade.

Os socialistas galegos opóñense á autonomía alegando caprichosamente que Galicia non sente a necesidade de ser autónoma.

O que se pode afirmar é que Galicia non sente a necesidade de ter estos diputados socialistas no Parlamento conqueridos ao apoio dos

republicanos, pois ningunha provincia galega daría votos bastantes a ningún candidato socialista que se presentara soio á loita electoral.

Pero o socialismo hespañol, do que habería moito que decir, ten tamén aspiracións a caciquear en Galicia como xa o ven facendo en Hespaña aproveitando das actuaes circunstancias políticas.

Mais non se fagan moitas ilusios porque parécceme que a cousa non durará moito. Todo o máis até as primeiras eleccións que se celebren.

Dícese con demasia a estúpida insistencia que o pobo galego non sente arelas autonomistas. Quenes o din non son mais que unha pequenísima proporción do noso pobo. Saben eles que non é certo e aproveítase para armar barullo de que a masa rural galega non está hoxe n-as condicións de liberdade e cultura necesarias para erguerse a demostrar que a autonomía é unha necesidade.

Son os que de cote viñeron explotando a servidume e o estado de inferioridade en que se atopa o noso agro. Os que alegan esa carencia de arelas autonómicas. Os que queren que todo continúe como até aquí.

Mais na verdadeira entrana de Galicia, na poboación rural, sintense arelas renovadoras que non lles ofrecerán nunca os mercaderes da cidade.

Os nacionalistas temos que endeitar a nosa actuación ao agro e despertar aos nosos paisanos da servidume secular e de que no novo rexime pretendan exercer os novos mandarins da política que agora comenza.

Amaro de Vilamelle



IMP. VILLUENDAS.—BETANZOS

A NOSA TERRA

PRECIOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, mes 40 céntimos. Fora, un ano 6 pesetas.
América, un ano 8 pesetas. (Pagos adiantados)

REDAICIÓN E ADEMINISTRACIÓN
Fermin Galán, 36, 1.º A Cruña

DISPONIBRE

Sr.

Banco Pastor

Casa fundada en 1776

Capital suscrito Ptas, 17.000.000
Id. desembolsado 11.000.000
Fondo de Reserva. 6.000.000

Casa Central: NA CRUÑA

SUCURSALES

Vigo, Lugo, Viveiro Ferrol, Sarria, Mouforte, A Estrada, Tuy, Melide, Muxia, Carballo, Mondonedo, Pontedume, Villalba, Ribadeo, Ortigueira, Carballiño, Padrón, Póvoa do Caramiñal, Rivadavia, Noia, Barco de Valdeorras, Verín, Rúa Perín, Fonsagrada, Ponteareas, Chantada, Orense, Cedeira e Ordenes

CONTAS CORRENTES CON LIBRETS

Abonando os seguintes intreses:

A vista	2	1/2	%	anual
A tres meses	3		%	"
A seis meses	3	1/2	%	"
A un ano	4		%	"

CAIXA D'AFORROS

Abonando intreses ó 3 1/2 % anual

CONTA CORRENTES EN MOEDA EXTRANXEIRA

Intreses a convir

Venta de xiros sobre todo o mundo, especialmente América

A superioridade dos

CALZADOS SENRA

Abonda para xustificar a preferencia dos consumidores, mais o procedere d'unha industria galega,

HONRA DA NOSA REXION

obriga a non gastar outros a cantos sinten amor pola sua Terra.

FÁBRICA, AVENIDA DA GRANXA. - A CRUÑA

DESPACHOS:

Cantón Grande, 15, A CRUÑA

Real, 110, FERROL

Príncipe, 9, VIGO

GRANDES ALMACENES DE TECIDOS

NUEVO MUNDO

SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECCIONS

Inmenso surtido en panos da rexión e estranxeiros. Confecciónase toda crás de prendas para mulleres, homes e nenos.

San Andrés, 41 e 43 - Teléfono 256 - A CRUÑA

FILLOS DE H. HERVADA

CASA FUNDADA EN 1865

A CRUÑA

Ferretería, Quincalla, Muebles, Máquinas, Pedras Francesas para muiños etc. etc.

GRAMATICA DO IDIOMA GALEGO

POR

Manuel Lugris Freire

Segunda edición correxida e aumentada. — Véndese na librería de ZINCKE HERMANOS

NA CRUÑA — PRECIO CINCO PESETAS